

SOBRENOMES NA PARROQUIA DE MIÑOTOS (OUROL, LUGO)

Ana Belén Escourido Pernas

1. Introducción

En tódolos países do mundo o nome é lexislado coa finalidade de individualiza-los distintos membros da sociedade en asuntos oficiais. Non obstante, esa denominación oficial convive con outro tipo de fórmulas, válidas na comunidade en que naceron; é aquí onde situámo-lo alcume, obxecto do noso estudo.

Presentamos un corpus de 118 formas, recollidas na parroquia de Miñotos (Ouro), núcleo rural que engloba varias aldeas de moi pouca poboación (raramente superan os 6 habitantes) na parte máis setentrional da provincia de Lugo. As aldeas que pertencen a esta parroquia son as seguintes: Agorchaos, Atián, Besteburiz, Cabanela, Carballeira, O Carme, Casanova, Casavella, As Caseiras, O Castelo, Cerdeiras, As Cernadas, O Combarro, Cunfurras, Carralchao, Ferreira, A Igrexa, Leborín, Leonte, As Lobeiras, Moscallos, Negueiroá, O Pazo, Pedrafita, O Roucabado, O Requeriz, Santa Mariña, Veiga, Vigo, Vilabuñ e Zarza.

Neste estudo pretendemos facer unha clasificación formal e semántica das particularidades dos alcumes recollidos na parroquia. Incluímos ó final un apéndice con tódalas formas ordenadas alfabeticamente, xunto coa súa motivación, para facilitala súa consulta. A maioría dos alcumes que presentamos teñen aínda vixencia; noutros, a súa existencia está ligada á vida do denominado.

2. Núcleos temáticos

A creación dun alcume sempre resulta da imaxinación dunha única persoa; así e todo a súa consolidación depende do grao de aceptación na comunidade onde nace e da velocidade de difusión. O sobrenome apunta xeralmente unha característica propia e esencial do individuo que denomina:

 Ana Belén Escourido Pernas

– Antropónimos

Os fillos dependen socialmente dos seus pais, por iso é normal que o nome de pía oficial do pai ou da nai sirva para identificalos (estendéndose en moitos casos ó cónxuxe e ós descendentes) establecendo esa relación da seguinte maneira: *Anxel da Vitoriana*. En ocasións é o apelido dalgúns membro da familia (pais, avós, cónxuxe) o que é utilizado como sobrenome (*Ramón de Fraga*).

– Topónimos

O nome do lugar onde viven ou mesmo onde naceron serve para referirse a veciños de aldeas próximas. Na maioría dos exemplos, este tipo de sobrenomes toponímicos acompañan a outros completando o seu significado (*Os da Lúa da Igrexa*, *Os da Lúa de Aián*, *Os da Lúa de Pazos*).

– O aspecto físico

A alusión descritiva do aspecto ou dunha deficiencia física (*O Zopo*), a utilización de recursos de estilo como a ironía (*O Precioso*), metáfora (*Cerillas*) ou a hipérbole (*A Cu-a-rastro*) teñen moito éxito na creación de sobrenomes.

– Forma de ser / carácter

Amosan aspectos non apreciados do carácter dos denominados (*As Tolas*) ou comportamentos desfavorables cos veciños (*O Fachenda Podre*). Tamén reflicten particularidades na forma de ser (*Lento*).

– Forma de falar

Referencia a locucións frecuentes (*O A-ver*, *O Por-bolos*), características das voces (*O Suave*), materia recorrente nas súas conversas (*O Pistón*).

– Profesión

A relación entre o suxeito e a profesión pode ser directa (*O Ferreiro*, *O Muiñeiro*) ou metonímica (*O Chatón*, derivado de *chato*, designa o dono dun bar), *O Nata* designaba o leite e vendía a tona).

– Nomes de animais

O paralelismo que se establece cun animal pode deberse a comportamentos semellantes (*A Chincharra*), xestos ou aparencias físicas (*Pepe da Lebre*) ou mesmo a características humanas atribuídas ós animais (*A Golpa*).

– Habilidade

Posuír habilidades apreciadas pola comunidade (*A Historia*, *San Sidro*) ou non posuílas (*Trintetrés*; non sabía tocar ben o acordeón, o alcume é unha onomatopea do son) son temas apropiados para a elaboración dos sobrenomes.

Sobrenomes na parroquia de Miñotos (Ouro, Lugo)

– Escatolóxicos

Os temas de contido escatolóxico provocan un divertimento fácil (*O Cheirón, O Peidón, O Vergallán*).

– Anécdota

O alcume pode facer referencia a un suceso ocorrido no pasado do denominado (*O Peras, O Cubano*).

Rexistramos ademais unha serie de sobrenomes de orixe descoñecida. O nacemento destas formas é tan remota que a comunidade lingüística non lembra a súa motivación inicial. Algunhas delas adoptan novos significados como sinala Tato Plaza (1992, páx. 365):

De aí, os significados transformados por cada momento histórico, segundo o grao de recordación do acto nominativo inicial e os seus motivos e as distintas significacións que se lle atribúen en cada momento ós alcumes xa que poden posuír aínda a base semántica para poder xerar novos significados.

Así, no noso corpus, o alcume *Os da Faba* relaciónase coa delgadez física dos membros da familia, a pesar de que o sobrenome fora creado anteriormente.

Algúns destes alcumes nos que non encontramos a súa motivación parecen facer referencia a características físicas (*Os do Gacio*), deficiencias (*Os da Xorda*), profesións (*Os do Xastre*) e antropónimos (*Os de Xan*) dalgún antepasado e que continúan designando o núcleo familiar.

Os nomes de animais son moi frecuentes na creación de alcumes. Con todo, na maioría deles descoñecemos a súa orixe. Formas como *Paxaro, Grilo* ou *Pombo* aparecen noutras recollidas de alcumes como a publicada por Tato Plaza (1992), por M^a Xesús Anido Silvosa e Maribel González Rey (1996) ou Dorinda Abuíñ Ces (1996). A motivación recollida nestes artigos é debida á forma de falar do denominado ou a algunha anécdota relacionada co animal tomado para a denominación.

3. Características formais

3.1. Estrutura

A estrutura maioritaria no noso corpus é: artigo determinado (que non sempre aparece) + sobrenome. Naqueles alcumes que teñen como función relacionar un individuo coa súa familia, poden presentala estrutura: antropónimo (que é o nome de pía do denominado) + preposición *de* + sobrenome. Para designar un núcleo familiar, a estrutura máis frecuente é: artigo determinado + preposición *de* + sobrenome.

As unidades gramaticais elixidas para a creación dos sobrenomes son moi diversas:

 Ana Belén Escourido Pernas

- Antropónimos: recolleemos nomes de persoa deformados (*Catalindra*), apelidos (*O Valés*), hipocorísticos (*Fuco*) e haxiónimos (*San Sidro*). Temos un exemplo no que o nome de pía do denominado vai modificado por un adxectivo (*Pepe Tolo*).
- Topónimos: os topónimos utilizados poden levar un artigo determinado ou non, que contraía coa preposición (*Os da Igrexa*, *Os de Pazos*).
- Substantivos: os substantivos xeralmente pertencen ó entorno cotián da parroquia, utilízanse nomes de animais, de vexetais e froitas (*Os de Lebres*, *O Curiel*, *Os da Faba*, *O Peras*), etc.
- Adxectivos: a maioría dos adxectivos empregados son descritivos do aspecto físico (*O Zopo*, *O Penco*, *O Precioso*).
- Numeral: soamente témo-la forma *Trintetrés*.
- Frases: temos unha frase nominal *O Fachenda Podre* formada por un núcleo (substantivo) que vai modificado por un adxectivo; e unha frase preposicional, *O Porbolos*, formada por unha preposición que introduce un substantivo.
- Oracións: en *Me-cago-nas-ánimas*, formado por un verbo pronominal que rexe un complemento formado por unha frase preposicional, faise a reprodución textual das palabras utilizadas polo denominado. No caso de *A Chéiralle Todo*, constituído por un verbo pronominal que rexe un complemento (pronome), exprésase o xuzo feito pola comunidade.

3.2. Sufixos.

Encontrámo-los sufixos derivativos *-ado* (*Barbado*, formado a partir de barba), *-eiro* (nos alcumes que proceden de profesións: *Muiñeiro*, *Ferreiro*) e *-án* (*Vergallán*, formado a partir de *verga* ou *vergallo*). Tamén aparecen os sufixos alterativos *-ón* (*Chatón*, aumentativo de *chato*) e o despectivo *-ita*, tomado do castelán (*Perrita*).

É particular o caso de *Os de Amata*. O sobrenome orixinal proviña do prenome materno (*Amadora*), posteriormente un veciño nunha actitude lúdica substituíuno por *Amata*. Algo semellante ocorreu con *Zaragolas*, neste caso é o alcume familiar (*Cagolas*) o que se deforma.

3.3. Morfemas flexivos

Os morfemas flexivos dos substantivos comúns oixinais perden a súa función á hora de converterse en sobrenomes. Nos exemplos: *O Nata*, *A Robó*, *O Peras* e *O Limas*, o xénero e o número veñen indicados polo artigo.

Cando un sobrenome é herdado, pode pasar a designar a membros de distinto xénero, nestes casos o alcume sofre normalmente alternancia de xénero que pode

Sobrenomes na parroquia de Miñotos (Ouro, Lugo)

aparecer no lexema (*O Rei / A Reina*), ou nos morfemas flexivos. O cambio de xénero segue as regras propias do galego:

- Os alcumes masculinos, cando rematan en consoante (*-l, -s, -z*) ou en vogal (*-o, -e*), o feminino fórmase substituíndo ou engadindo *-a*.

<i>O Curiel</i>	<i>A Curiela</i>
<i>O Valés</i>	<i>A Valesa</i>
<i>O Martiz</i>	<i>A Martiza</i>
<i>O Paio</i>	<i>A Paia</i>
<i>O Golpe</i>	<i>A Golpa</i>

- Os alcumes femininos, cando rematan en vogal *-a*, o masculino fórmase substituíndo por *-o*.

<i>A Casilda</i>	<i>O Casildo</i>
<i>A Historia</i>	<i>O Historio</i>

Dous exemplos merecen a nosa atención: *O Zaragolas* e *O Alfeirán*. No primeiro caso, a forma feminina perde a consoante final (*A Zaragola*), feito que explicamos pola tendencia a que a vogal *-a* funcione como morfema de feminino. O segundo exemplo, é peculiar pola terminación *-án* pouco corrente na zona mindoniese. O apelido que funciona como sobrenome forma o feminino engadindo unha vogal final: *Alfeirana*.

Moitos destes alcumes poden presenta-la alternancia de número cando se refiren a varios membros coa mesma denominación. A flexión é a normal no galego da zona. Cando remata en vogal engaden *-s* (*Os Morillos, As Alfeiranas*); cando rematan en consoante *-l, -s, -z* engaden *-es* (*Os Curieles, Os Valeses, Os Martices*); cando remata en consoante *-n* substitúese por *-s* (*Os Alfeirás*). A forma *Zaragolas* non sofre modificación no plural (*Os Zaragolas*).

4. Antigüidade

Dentro dunha mesma familia con alcume propio, un ou varios membros poden posuír alcumes específicos que son ou non herdados. Un factor importante no seu éxito é a adopción do sobrenome por parte do denominado: o propio coñecemento e a súa utilización favorece as posibilidades de que se prolongue no tempo.

As causas polas que un sobrenome non pasa a designa-los descendentes son moi diversas, no noso corpus establecémo-las seguintes razóns:

- Alcumes relacionados coas festas. Os mozos e mozas con idade casadeira acostuman posuír un alcume co que son coñecidos unicamente nas festas e que perden cando pasan á idade adulta.

Ana Belén Escourido Pernas

Chéiralle Todo > Precioso
Cu-a-rastro > Prieta Linda
Fachenda Podre > -

- Alcumes que non teñen éxito e pronto desaparecen. Non se difunden o suficiente quedando só para os veciños máis próximos. Conviven con outras denominacións que teñen máis forza, xeralmente alcumes de familia. Na nosa recollida é o caso dos seguintes exemplos:

Pepe da Antena > Pistón
Galloptín > Robó

- Alcumes que teñen éxito pero que non pasan a designalos descendentes. Neste apartado incluímos os sobrenomes despectivos (veciños pouco queridos): *Barbado, Perrita, Robó, Catalindra*; os non apreciados polos denominados: *Trintetrés, Chincharra, Cheirón*; outros: *Lento, Suave, A ver, Cerillas*
- Os denominados non tiveron descendencia; polo tanto, os sobrenomes non poden ser herdados.

5. Conclusión

Os sobrenomes recollidos son un reflexo da realidade socio-cultural e lingüística da parroquia de Miñotos. Están sometidos a constantes cambios fonéticos, morfolóxicos e semánticos, propios dun tipo de denominación que, a miúdo, designa membros da comunidade que viven en distintas xeografías e cronoloxías. A perda da motivación orixinal que deu vida a moitos alcumes pode contribuír a unha nova adopción de significados que leva consigo, moitas veces, cambios fonéticos e morfolóxicos que seguen as regras lingüísticas características do galego da zona.

6. Apéndice

A continuación incluímos unha relación, por orde alfabética, dos alcumes recollidos na parroquia:

A ver, O (Motivación: repetía con frecuencia a expresión «¡A ver...!».)
Agustín, Os de (Motivación: antropónimo paterno).
Alfeirán (Motivación: apelido dun antepasado).
Amata, Os da (Motivación: deformación xocosa do antropónimo materno –*Amadora*).
Atián, Os de (Motivación: o lugar onde viven identifica a toda unha familia).
Barbado, O (Motivación: tiña fama de agresivo e desapiadado).

Sobrenomes na parroquia de Miñotos (Ouro, Lugo)

- Cabana, Os de* (Motivación: apelido dun dos membros da familia).
Cachelo, O (Motivación: era moi delgado).
Cadete, O (Motivación: facíase o inocente; comparación coa actitude dun cadete).
Cal, Os do (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Calvo, Os do (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Cándida, Os da (Motivación: antropónimo materno).
Candorcas, Os das (Motivación: o lugar onde naceron identifica toda unha familia).
Caneiro, Os do (Motivación: o lugar onde naceron identifica toda unha familia).
Cantello, Os do (Motivación: apelido dun dos membros da familia).
Canto, Os de (Motivación: apelido dun dos membros da familia).
Carballás, O de (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Carballeira, Os da (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Carballo, Os de (Motivación: apelido dun dos membros da familia).
Carme, Os do (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Carralchao, Os de (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Carteiro, Os do (Motivación: profesión do pai da familia).
Casanova, Os de (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Casavella, Os de (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Caseiras, Os das (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Casildo, Os do (Motivación: antropónimo materno –*Casilda*–).
Castelo, Os do (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Catalindra (Motivación: era moi espelida).
Caxoto, Os de (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Cerillas (Motivación: era delgado e saltaba como unha chispa).
Chacino, O (Motivación: o alcume dun antepasado).
Chatón, O (Motivación: tiña un bar; aumentativo de *chato*, ‘vaso pequeno de viño’).
Cheivalletodo, A (Motivación: era moi presumida e non falaba con calquera).
Cheirón, O (Motivación: tiña un olor corporal desagradable).
Chincharra, A (Motivación: cantaba coma unha chicharra).
Combarro, Os do (Motivación: o lugar onde naceron designa toda unha familia).
Cordido, Os de (Motivación: apelido dun dos membros da familia).
Corredoiras, Os das (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Correxedora, A (Motivación: non recordaba as uchas de trigo que tiña).
Cu-a-rastro, A (Motivación: Tiña a cadeira ancha e calda).
Cubano, O (Motivación: estivera emigrado en Cuba).

Ana Belén Escourido Pernas

- Cunfurcas, Os das* (Motivación: o lugar onde naceron identifica toda unha familia).
- Curiel, O / Curiela, A* (Motivación: foron os primeiros en criar curieis).
- Faba, Os da* (Motivación: alcume dun antepasado).
- Fachenda Podre, O* (Motivación: era moi presumido).
- Ferreira, Os de* (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
- Ferreiro, O* (Motivación: profesión do pai da familia).
- Forno, O* (Motivación: o lugar onde vivían identifica toda unha familia).
- Fuco* (Motivación: hipocorístico paterno).
- Furada, Os da* (Motivación: o lugar onde naceron identifica toda unha familia).
- Gacio, Os de* (Motivación: alcume dun antepasado).
- Galloptn, O* (Motivación: era moi inquieto).
- Golpa, A* (Motivación: muller mal intencionada).
- Gribo, Os do* (Motivación: alcume dun antepasado).
- Historia, A / Historio, O* (Motivación: muller que contaba moitas historias).
- Idreiro, Os do* (Motivación: o lugar onde naceron designa toda unha familia).
- Igrexa, Os da* (Motivación: o lugar onde viven designa toda unha familia).
- Lamas, Os de* (Motivación: o lugar onde viven designa toda unha familia).
- Lebres, Os de* (Motivación: alcume dun antepasado).
- Lento, O* (Motivación: facía as cousas con moita calma).
- Limas, O* (Motivación: roubara unhas limas).
- Lobeiras, Os de* (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
- Lúa, Os da* (Motivación: provén dun piropo: «te-la cara tan bonita como a lúa»).
- Marcelino, Os de* (Motivación: antropónimo paterno).
- Martiz, O / Martiza, A* (Motivación: apelido dun membro da familia. No rexistro aparece *Martínez*).
- Me-cago-nas-ánimas, O* (Motivación: repetía frecuentemente: «me cago nas ánimas»).
- Montañeses, Os* (Motivación: baixaran da montaña para vivir na parroquia).
- Morillo, O / Morilla, A* (Motivación: o lugar onde naceron designa toda unha familia).
- Muiñeiro, O* (Motivación: profesión do denominado).
- Nata, O* (Motivación: desnatava o leite e vendía a nata).
- Noi* (Motivación: vivira en Cataluña e utilizaba *noi* en vez de *rapaz*).
- Norberto, Os de* (Motivación: antropónimo paterno).
- Paia, Os da / Paio, Os do* (Motivación: antropónimo paterno –Paio–).

Sobrenomes na parroquia de Miñotos (Ouro, Lugo)

- Panadeiro, O* (Motivación: profesión do denominado).
- Pandado, O* (Motivación: era moi alto e andaba sempre moi dereito).
- Páxaro, O* (Motivación: alcume dun antepasado).
- Pazos, Os de* (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
- Peidón, O* (Motivación: sufría de flatulencia).
- Penco, O* (Motivación: andaba torcido por causa dunha enfermidade).
- Pepe da Antena* (Motivación: era moi curioso).
- Pepe da Lebre* (Motivación: facía xestos co nariz que lembraba unha lebre).
- Pepe Tolo* (Motivación: era tolo).
- Peras, O* (Motivación: roubara unhas peras).
- Perrita, A* (Motivación: era moi falsa).
- Pistón, O* (Motivación: falaba moito de pistóns e demais pezas dos automóbiles).
- Pombo, O / Pomba, A* (Motivación: alcume dun antepasado).
- Porbolos, O* (Motivación: cando ía pola cartilla de racionamento dicía «vou por bolos»).
- Pouso, Os do* (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
- Precioso, O* (Motivación: era moi feo).
- Prieta Linda* (Motivación: era moi morena e fermosa).
- Ramona, Os de* (Motivación: antropónimo materno).
- Rei, O / Reina, A* (Motivación: apelido dun antepasado).
- Requeriz, Os do* (Motivación: o lugar onde viven designa toda unha familia).
- Robó, A* (Motivación: non movía a cintura cando se xiraba).
- Romeira, A* (Motivación: o pai fumaba romeu).
- Roucabado, Os do* (Motivación: o lugar onde viven designa toda unha familia).
- San Sidro* (Motivación: Predecía a semente con bastante acerto).
- Santa Mariña, Os de* (Motivación: o lugar onde viven designa toda unha familia).
- Sargento, O* (Motivación: era moi serio e moi recto).
- Suave, O* (Motivación: falaba suavemente, sen levantar nunca a voz).
- Tolas, As* (Motivación: escondíanse da xente).
- Trintetrés, O* (Motivación: tocaba mal o acordeón; onomatopea do son).
- Valello, O / Valella, A* (Motivación: apelido dun dos membros da familia).
- Valés, O / Valesa, A* (Motivación: o apelido dun dos membros da familia).
- Valseiro, Os do* (Motivación: o lugar onde naceron designa toda unha familia).
- Veiga, Os da* (Motivación: lugar onde viven identifica toda unha familia).
- Vergallán, O* (Motivación: tiña un pene moi grande).

Ana Belén Escourido Pernas

Vigo, Os de (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Viso, Os do (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Vitoriana, Os da (Motivación: alcume dun antepasado).
Viúda, A (Motivación: morte prematura do marido).
Xan, Os de (Motivación: alcume dun antepasado).
Xastre, Os do (Motivación: profesión dun antepasado).
Xorda, Os da (Motivación: alcume dun antepasado).
Xusta, Os da (Motivación: antropónimo materno).
Zaragolas (Motivación: deformación xocosa do alcume dun antepasado *Cagolas*).
Zarza, Os de (Motivación: o lugar onde viven identifica toda unha familia).
Zopo, O (Motivación: era coxo).

BIBLIOGRAFÍA

- Abuñ Ces, Dorinda (1996): «¿E logo ti... de quen vés sendo?» en Alexandre Rodríguez Guerra (ed.), *Galicia dende Salamanca*. Salamanca: Xunta de Galicia / Universidade de Salamanca.
- Alonso Estravís, I. (dir.) (1995): *Diccionario da Lingua Galega*, Sotelo Branco, Santiago de Compostela.
- Anido Silvosa, M^a Xesús / Maribel González Rey (1996): «Un tipo especial de unidade fraseolóxica: os alcumes», *Boletín del Seminario Fontán - Sarmiento*, 17.
- Rodríguez González, Eladio (1961), *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*, Editorial Galaxia, Vigo.
- Tato Plaza, Fernando R. (1992): «Notas de onomástica a propósito dos alcumes en *A taberna do galo*» en *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, vol. I.
- V.V.A.A. (1997): *Diccionario da Lingua Galega*, Real Academia Galega, A Coruña.
- V.V.A.A. (2000): *Gran Diccionario Xerais da Lingua*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.